



DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello a celebrar nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 30 de xaneiro do 2020
Convocatoria: Ordinaria	Hora: 20.00
	Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas núms. 17 e 18/2019, das sesións do 18 e do 26.12.2019.
- 2º.- Toma de posesión de novos concelleiros.
- 3º.- Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro Francisco Xosé Montouto Pérez.
- 4º.- Orzamento municipal para o exercicio 2020.
- 5º.- Compatibilidade para a actividade privada dun empregado municipal.
- 6º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Resolucións da alcaldía ditadas dende o 20 de decembro do 2019 (núm. 2494) ata o 25 de xaneiro de 2020 (núm. 145).
 - B.- Mocións.
 - C.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos Srs. Concelleiros membros do órgano colexiado, advertíndolles de que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir a citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos Concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, no seu caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, M^a del Carmen Seoane Bouzas, o 27 de xaneiro de 2020.